

2017-2018

Programa de fomento da Lectura

IES POETA AÑÓN

BIBLIOTECA

ÍNDICE

1.	Obxectivos	2
2.	Organización de espazos e tempos para a lectura.	2
3.	Dinamización da biblioteca escolar.....	3
4.	Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas.....	4
5.	Club de lectura.	5
6.	Colaboración da comunidade educativa no fomento da lectura.	9
7.	Itinerarios lectores	11
8.	Formación ALFIN.....	20
9.	Temporalización de actividades para o fomento da lectura	22
10.	Recursos e materiais.	24
11.	Ler en familia. Actividades para a implicación das familias.	25
12.	Seguimento e avaliación.....	25

1. *Obxectivos.*

Presentamos a continuación a concreción anual de actividades e medidas que se levarán a cabo no IES Poeta Añón (Outes) durante o curso 2017-2018 como parte do Plan Anual de Lectura, tendo presentes os obxectivos estipulados no PROXECTO LECTOR DE CENTRO formulados nos seguintes termos:

- Fomentar a lectura desde un proxecto global do centro, incorporándoa no currículo a través de intervencións sistematizadas na aula e na biblioteca escolar co fin de formar lectores competentes.
- Converter a lectura nunha estratexia metodolóxica para a mellora da aprendizaxe.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.
- Considerar a biblioteca escolar como un recurso imprescindible na construción da rede básica de lectura e a configuración dunha comunidade de lectores activa.
- Educar no uso crítico da información.
- Optimizar esforzos e recursos e colaborar con outros centros educativos e a biblioteca pública municipal.
- Implicar a toda a comunidade educativa nas accións deste proxecto.

2. *Organización de espazos e tempos para a lectura.*

O Plan de Lectura contempla a incorporación dun tempo específico para a animación á lectura na Educación Secundaria Obrigatoria así como o uso dos recursos por toda a comunidade educativa centralizados na biblioteca. Este Plan debe garantir:

- Un horario de apertura da Biblioteca do centro que tentará cubrir a xornada escolar do alumnado (tanto do alumnado de diúrno como do que asiste ó centro en horario de tarde-noite). O Equipo Directivo estableceu as seguintes prioridades de horario:
 - A biblioteca debe estar dispoñible para o alumnado nos dous recreos diarios xa que e o momento máis solicitado por eles (10 sesións= 5 horas de garda)
 - Unhas horas fixas (18 horas de apertura da biblioteca) para completar a organización, posta a punto do material audiovisual e informático e planificación das actividades que permitan dinamizar a utilización da biblioteca pola comunidade. Estas horas estarán a cargo da coordinadora e do profesorado do grupo de apoio.
 - Coa idea de achegar a biblioteca a toda a comunidade educativa, abrírase nos recreos nocturnos do luns e martes (1 hora de garda) fóra do horario lectivo do alumnado de diúrno. Sería desexable que este horario fose máis amplo pero a non dispoñibilidade de profesorado limita a apertura pola tarde-noite.

- A asignación dun horario ós grupos titoría para o desenvolvemento de actividades de animación á lectura nunha hora específica. Estas actividades realizaranse coa frecuencia que determine o titor ou en función da dispoñibilidade do Equipo de Apoio da Biblioteca
- A incorporación dun tempo determinado en cada unha das áreas e materias na secuencia de actividades de cada unidade didáctica na propia Educación Secundaria Obrigatoria.
- O establecemento dunha hora semanal para a lectura (HORA DE LER: ver apartado 4)

3. *Dinamización da biblioteca escolar.*

Dentro da súa programación anual, como xa se ven facendo nos últimos anos, o Equipo da Biblioteca será o encargado de organizar, promover e difundir as seguintes actividades:

- Realización de actividades de promoción, difusión e animación na lectura en datas significativas: Día das Bibliotecas, Día Contra a Violencia de Xénero, Día da Poesía, Día da Paz, Día da muller traballadora, Día das Letras Galegas, Día do Libro, Día do Medio Ambiente)
- Organización de sesións de FORMACIÓN DE USUARIOS e difusión entre os titores de material de apoio dentro do ámbito da ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL .
- GUÍAS DE PÁXINAS WEB e MATERIAL MULTIMEDIA: Seleccionaranse e entregaranse ó profesorado unhas direccións web que poidan ser de interese para desenvolver actividades de formación documental. Nese sentido dende a biblioteca procurarase animar ó profesorado, a traballar nun proxecto común, no que cada materia poida colaborar dun modo diferente.
- Organización de gymkanas culturais, como a OLIMPIADA DO SABER, co fin de promover a consulta de enciclopedias e fondos da biblioteca colaborando así directamente na formación documental. Ó formato en papel de este tipo de concursos, se poderá engadir a elaboración de “webquests” e cazas do tesouro en soporte dixital co fin de incorporar as TIC á formación documental.
- Outras actividades:
 - Club de Lectura.
 - Visitas a bibliotecas do noso contorno.
 - Actividades de lectura en público.
 - Programación de actividades en torno ó tema anual da biblioteca .
 - Xuntanzas con escritores.
 - Contacontos.
 - Participación dos alumnos en obradoiros de poesía, lectura, escritura, banda deseñada...
 - Elaboración dun blog de biblioteca de centro.
 - Programación de actividades en torno a películas (con motivo dunha data, un tema...).
 - Exposicións de recomendacións literarias feitas polo alumnado do centro.

- Promoción de Campañas e Boletíns con listaxes de libros aconsellados .
- Colaboración directa con entidades de tipo socio-cultural do entorno e coas familias.

4. *Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas.*

Tal e como se ven facendo nos últimos anos, propoñemos continuar coas seguintes iniciativas:

HORA DE LER

- Establécese un tempo semanal de lectura para todo o alumnado de E.S.O. mediante un calendario anual que será elaborado polo equipo da biblioteca co consenso do Claustro e dado a coñecer a toda a comunidade a través da páxina web do centro.
- Este calendario terá aplicación dende o 1 de outubro ata o 25 de maio de cada curso escolar, suspendéndose nas dúas últimas semanas de cada trimestre para facilitar a realización de exames.
- Esta sesión semanal será de obrigado cumprimento e se establecerá para todos os grupos da E.S.O. que disporán dunha sesión semanal de 50 minutos dedicada a actividades de fomento da lectura.
- O calendario de sesións establécese de xeito rotatorio os luns no 1º trimestre, os martes no 2º e os mércores no 3º, de maneira que se empeza na primeira semana pola primeira clase; na 2ª semana na 2º hora e así sucesivamente ata completar 8 sesións no caso dos luns e 6 nos outros días, por trimestre.
- Os materiais de lectura serán escollidos polo profesor que teña a cargo o grupo nesas horas, aínda que o Equipo de Biblioteca facilitará materiais en relación coa temática tratada no Proxecto anual, para achegar ó alumnado o tema traballado, nalgúns horas de lectura.
- En cada aula habilitarase unha folla de control para que cada profesor ó rematar a lectura do documento, anote o título da lectura utilizada para esa hora. Este rexistro servirá para evitar repeticións nas lecturas e valorar a contribución dos Departamentos ó traballo do Equipo de biblioteca en torno o tema traballado en cada curso.
- Debe lembrarse sempre que se trata dunha actividade de lecer e que non se pedirá ningún resumo, traballo ou proba sobre o lido.

COFRES DE LECTURA

Ó inicio de cada trimestre, equiparase cada aula cun cofre contendo documentos de distinto tipo (libros divulgativos, cómics, revistas, ficción, poesía...) adaptados á idade e gustos do alumnado. Como xa se veu facendo nos dous últimos anos, a idea é facer uso deste cofre cando falte un profesor e non teña

asignada tarefa para o alumnado, ou ben para tempos “mortos” como, por exemplo, ó remate dun exame. Trátase de lectura silenciosa, sen pedir nada a cambio (nin resumos, nin exercicios, nin exames).

Tendo en conta os numerosos desdobres nos distintos cursos, poñerase a disposición dos grupos que non estean nas aulas de referencia, uns cofres viaxeiros na sala de profesores.

5. *Club de lectura.*

Dende o curso 2010-2011 o Club de Lectura do IES Poeta Añón (integrado por dúas seccións: os “Laretiñas” de 1º e 2º ESO e os “Laretas” de 3º e 4º) promove actividades culturais en torno ó mundo dos libros, tendo presente as seguintes bases de funcionamento:

1. OBXECTIVOS.

- Potenciar a lectura na comunidade non só como actividade individual e privada senón tamén na súa dimensión social compartindo opinións e experiencias persoais, fomentando a tolerancia e o respecto por outros puntos de vista.
- Axudar ó alumnado a construír a propia identidade e a desenvolver habilidades sociais utilizando a lectura como escusa.
- Fomentar o uso da biblioteca como fonte de enriquecemento cultural.
- Colaborar con outros clubs lectores e institucións culturais da zona (Casa da Cultura e Biblioteca Municipal de Outes, librerías, ...) no desenvolvemento de actividades de animación á lectura
- Empregar os recursos TIC do centro para a obtención de información relacionada coa literatura, para a difusión de actividades do club e para aprender a aprender.
- Potenciar a lectura de literatura galega e en galego.

2. RELACIÓN CO PLC E A BIBLIOTECA ESCOLAR.

- O plan de actividades do Club de Lectura “Laretas” está enmarcado dentro das iniciativas de fomento da lectura recollidas no Proxecto Lector e no Plan Anual de Lectura coa finalidade de favorecer a adquisición de competencias básicas no alumnado, destacando as competencias lingüística, social e cidadá, autonomía e iniciativa persoal e competencia dixital ó empregar os recursos TIC do centro para a obtención de información relacionada coa literatura e para a difusión de actividades do club.
- Do mesmo xeito, traballarase en colaboración coa Biblioteca do centro (incorporada ó PLAMBE dende o curso 2006-07) que este curso fai unha aposta por usar a lectura para explorar a importancia de manter unha alimentación san e de adquirir hábitos de vida saudables, baixo o título de: “LECTURAS CON SABOR”. Os membros do club de

lectura veñen participando activamente en tódalas actividades propostas dende a biblioteca actuando mesmo de dinamizadores entre o resto do alumnado. Neste curso contéplase seguir con esa colaboración activa.

- ACTIVIDADES PREVISTAS. Actividades específicas de impulso á lectura en galego.

Estas son as propostas anuais para o club no curso 2017-2018, se ben convén aclarar que a programación pode sufrir modificacións para dar cabida ás suxestións dos membros do club e actividades que poidan xurdir que se consideren de interese:

- Acto de presentación inicial na primeira reunión do club: acollida aos novos membros.
- Propoñemos a lectura de obras que axuden a “facen lectores” .
- Elaboramos guías de cada unha das obras lidas e recomendacións lectoras para toda a comunidade.
- Vemos películas relacionadas coas temáticas das obras propostas, ou ben adaptacións de obras literarias.
- Enriquecemos a nosa bagaxe cultural coa realización de algunha excursión ou roteiro literario.
- Damos difusión ás reunións e ás actividades levadas a cabo actualizando o blog do club
- Tentamos levar a cabo un intercambio cos lectores doutro club de lectura escolar .
- Realizamos unha avaliación final valorando a adecuación das actividades, o nivel de participación a nivel individual, o grao de satisfacción de alumnado e profesorado e inclusión de propostas de mellora.
- Loitamos cos prexuízos de algúns dos nosos lectores á hora de ler en galego, propoñendo títulos atractivos e de calidade.
- A lingua empregada nas xuntanzas e nas publicacións (en liña e en papel) do club é o galego
- Tentamos organizar encontros co autor ou autora dalgunha das obras lidas escritas en galego.
- Como colofón a un ano de lecturas, propomos un roteiro relacionado con algún autor ou libro lido.

Actividades para estimular a participación de varóns.

- Tal e como fixemos nos dous últimos cursos, introducimos a lectura dalgún cómic ou novela gráfica (xénero que soe ser do gusto dos rapaces).
- Iniciaremos as xuntanzas coa recomendación lectora dun “Booktuber”. Tentaremos ofrecer modelos de lectores masculinos tentando romper a idea de que os mozos non len.

3. COMPOSICIÓN. NÚMERO DE PARTICIPANTES APROXIMADO. IMPLICACIÓN DOUTRO PROFESORADO DO CENTRO.

Na sesión inicial de presentación do club, celebrada o 27 setembro 2017, foron un total de 28 alumnos de tódolos niveis da ESO os que manifestaron a súa intención de participar nas xuntanzas, representando aproximadamente un 22% do alumnado de ESO do centro (125 alumnos). Ademais das dúas profesoras coordinadoras, Amparo Vázquez Lores do Departamento de Xeografía e Historia e Dolores Martínez Martínez do Departamento de Inglés, incorporáronse ás reunións en calidade de lectoras e colaboradoras 4 docentes máis (en total un 25% do claustro formado por 24 persoas):

- Elvira López Mariño (Pedagogía Terapéutica)
- Francisca Juanatey Arufe (Inglés)
- Alba Rábade Álvarez (Matemáticas)
- Manuela Campos Agrafojo (Lingua Galega)

4. FORMA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

Continuaremos coa dinámica dos últimos cursos de levar en paralelo 2 grupos: LARETIÑAS de 1º e 2º ESO e LARETAS con alumnado de 3º e 4º.

De entrada propoñemos a celebración das xuntanzas o mesmo día para todos (tralas clases matinais dos luns e antes do inicio das sesións da tarde –de 14.05 a 16.00-). Estas serán as liñas xerais de organización das sesións:

- Os libros serán escollidos polos membros do club, seleccionando entre unha serie de títulos presentados polas coordinadoras. Tamén se terán en conta as propostas dos propios lectores.
- Coa suficiente antelación as coordinadoras encargaranse de facilitar un exemplar do título escollido a cada participante, facendo uso do banco de libros dispoñible na rede en “Libros a oito”, contactando coas bibliotecas escolares e municipais da zona, ou adquiríndoos. Cada un levará a cabo a lectura do libro ao seu propio ritmo e nas datas establecidas para as xuntanzas tratarase de propoñer cuestións que estimulen a intervención de tódolos membros do club, facendo que se respecten as quendas de palabra e se axusten os tempos de participación.
- Tralo xantar o gran grupo dividirase: un ocupará o recinto bibliotecario e o outro a zona de lectura contigua. O uso destes espazos por cada grupo alternará nas seguintes reunións. Non descartamos a posibilidade de facer xuntanzas conxuntas, entre os lectores máis novos (de 1º e 2º ESO) e os de 3º e 4º. As coordinadoras contarán coa colaboración das profesoras mencionadas no apartado 4 para levar a cabo a moderación. Disporase tamén de ordenadores con conexión a Internet (que será a ventá ao mundo para realizar consultas puntuais).

A filosofía do club será a de non limitarnos ó libro, utilizando todo tipo de materiais que podan enriquecer a lectura: música, películas, Internet... . Dentro desa liña, procurarase fomentar a participación voluntaria dos membros do club aportando as súas opinións e comentarios ó blog.

5. HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓNS PRESENCIAIS.

As xuntanzas terán lugar os luns ó mediodía por ser este o único día con clases de tarde e con transporte escolar (feito que facilita a participación de todo o alumnado, mesmo o residente fóra do núcleo urbano). Dividimos as sesións en dúas partes: unha primeira -de 14.15 a 15.00- na que compartimos un xantar frugal tentando crear un ambiente distendido e unha segunda -de 15.00 a 16.00 aproximadamente- en que nos reunimos na biblioteca para iniciar o debate. O calendario previsto de xuntanzas, establecido cunha periodicidade mensual, é o seguinte

- **1ª reunión:** 30 outubro 2017
- **2ª reunión:** 27 novembro 2017
- **3ª reunión:** 18 decembro 2017 (cine-club)
- **4ª reunión:** 29 xaneiro 2018
- **5ª reunión:** 26 febreiro 2018
- **6ª reunión:** 19 marzo 2018 (cine-club)
- **7ª reunión:** 30 abril 2018
- **8ª reunión:** 28 maio 2018
- **9ª reunión:** 18 xuño 2018 (cine-club)

6. PERSOAS RESPONSABLES (COORDINADORAS)

A coordinación dos clubs recaerá nas profesoras: **Amparo Vázquez Lores** (Xeografía e Historia) e **Mª Dolores Martínez Martínez** (Inglés), ámbalas dúas membros do Equipo de Biblioteca do centro.

7. MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN NA COMUNIDADE ESCOLAR

- O blog do club <http://laretas.blogspot.com>.
- A páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespoetaanon/>
- O “boca-orella”, informando nas aulas directamente ó alumnado.
- Taboleiro da biblioteca e publicacións impresas (trípticos) que se repartirán no centro educativo.
- Información en reunións do Claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica.

6. *Colaboración da comunidade educativa no fomento da lectura.*

❖ Profesorado

Todo o profesorado é responsable, baixo a coordinación dos **XEFES DE DEPARTAMENTO**, da posta en marcha do Plan Anual de Lectura e das actividades de fomento da lectura recollidas nas programacións dos distintos Departamentos Didácticos:

- É a súa responsabilidade, a incorporación dos seus obxectivos e contidos ás programacións didácticas, de actividades e materiais ás Unidades Didácticas, e de actividades de avaliación para asegurar a mellora da competencia lectora, o hábito de lectura e o gusto pola mesma.
- Esta responsabilidade tamén inclúe a colaboración no desenvolvemento do resto de accións de centro.
- Deberá dedicar en cada unha das clases un tempo específico guiado ou autónomo á lectura.
- A coordinación da posta en marcha e aplicación do Plan Anual de Centro corresponderá ó **EQUIPO DIRECTIVO** contando co compromiso da comunidade educativa.
- Corresponde ao equipo directivo liderar o Plan Anual de Lectura e pór en marcha todas as estratexias necesarias para a súa implantación no centro, para o seu desenvolvemento coordinado e para a realización dun proceso de avaliación interna do mesmo.
- Así mesmo deberá integrar o Plan Anual de Lectura dentro da Programación Xeral Anual.

❖ A Comisión de Coordinación Pedagóxica

O Plan Anual de Lectura debe desenvolverse en equipo e para asegurar o seu alcance é imprescindible a existencia dun Equipo Interdisciplinar de Profesores, responsables de distintas áreas. Este Equipo terá unha dobre función:

- Colaborar na elaboración do deseño, seguimento e avaliación do Plan Anual de Lectura
- Executar de xeito directo as actividades da “Hora de Ler” contribuíndo a incorporar no Plan os distintos tipos de contido e formatos de texto.
- Colaborar co equipo directivo na coordinación de todo o proceso.

❖ A persoa Coordinadora da Biblioteca

A persoa responsable da biblioteca tería como tarefas:

- Axudar a programar o Plan Anual de Lectura dende a análise da situación, as necesidades e os obxectivos establecidos no Plan Lector.
- Axudar a organizar a documentación e os recursos dispoñibles.

- Coordinar o funcionamento da biblioteca e facilitar os seus uso mediante un horario compatible coas actividades curriculares e extracurriculares.
- Colaborar nos procesos de uso didáctico da biblioteca cos profesores de área, curriculares e extracurriculares, as demandas que formulen os propios alumnos ou os pais (cine, teatro, recitais e certames, exposicións, etc.) e en xeral, do uso público da biblioteca escolar .
- Coordinar as tarefas dun equipo de apoio bibliotecario (pais, alumnos, profesores, entidades externas).
- Planificar accións de dinamización bibliotecaria entre os profesores, alumnos e pais, de forma conxunta e separadamente.
- Colaborar na formación do alumnado, profesorado e familias como usuarios.
- Coordinar e actuar de enlace entre as súas propias actuacións coas do centro, área e axentes externos.

Debe quedar claro que a persoa responsable da biblioteca ten que garantir a organización dos fondos bibliográficos e as actividades de animación á lectura, pero non se debe de considerar a lectura como unha actividade propia, específica e, xa que logo, exclusiva da biblioteca e desvinculada do resto das áreas.

❖ Alumnado

Asumirán autónoma e responsablemente o papel de protagonistas do proceso. Participarán activamente no Plan:

- Como protagonistas do acto lecto-escritor
- Como membros das diversas estruturas organizativas:
 - Colaboradores de biblioteca.
 - Axentes de animación.
 - Autores de textos.
 - Apoio á selección de fondos.
 - Difusores das actividades.

❖ Pais e nais

- Participarán nos talleres de formación deseñados para eles.
- Implicaranse nas actividades que se planifiquen.
- Crearán un clima lecto-escritor no fogar.

7. *Itinerarios lectores*

Inclúense a continuación as listaxes de lecturas, obrigatorias e/ou optativas, propostas polos distintos Departamentos Didácticos.

1. Departamento de Educación Plástica e Visual

NIVEL	LECTURAS OPTATIVAS RECOMENDADAS
	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Siete historias para la infanta Margarita</i>. Fernández-Pacheco, Miguel. Siruela, 2002. • <i>La mirada de Gioconda</i>. Hernández, Cristo Editorial Afortunadas, 2002. • <i>Regreso a las cavernas</i>. Denzel, Justin. Madrid: Alfaguara, 2002. • <i>Los hombres de las sillas</i>. Sierra i Fabra, Jordi.S.M., 2001. • <i>Las palabras y las cosas</i>. Michel Foucault. • <i>La joven de la perla</i>. Tracy Chevalier. • <i>La cena secreta</i>. Javier Sierra. • <i>Planilandia</i>. Edwin A. Abbott.- Editorial El Barquero, 2004. • <i>Rembrandt van Rijn</i>. Sarah Emily Miano. Alfaguara. • <i>Historias mortales</i>. Varios. Galaxia Gutenberg. Círculo de lectores.

2. Departamento de Inglés

NIVEL	LECTURAS OPTATIVAS OBRIGATORIAS
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Doctor Doolittle</i>.
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • <i>House of Arden</i>. • <i>The Drive to Dubai</i>.
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • <i>All about the USA</i>. • <i>The Meaning of Gifts. Stories from Turkey</i>.
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • <i>All about South Africa</i>. • <i>Songs from the Soul. Stories from around the World</i>.

3. Departamento de Lingua e Literatura Española

NIVEL	LECTURAS OBRIGATORIAS
1º ESO	<p><u>1ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - MÉNENDEZ PONTE: <i>Nunca seré tu héroe.</i> <p><u>2ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • WILDE: <i>El fantasma de Canterville.</i> <p><u>3ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • LAURA GALLEGO: <i>La hija de la noche.</i>
2º ESO	<p><u>1ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • DICKENS: <i>Cuento de Navidad.</i> (primera evaluación). <p><u>2ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • HUGO, VICTOR: <i>El jorobado de Nôtre Dame</i> (segunda evaluación). <p><u>3ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • KIPLING: <i>Kim</i> (3ª evaluación).
3º ESO	<p><u>1ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • CÉSAR MALLORQUÍ: <i>El último trabajo del señor Luna.</i> • MARÍA GRIPE: <i>Los escarabajos vuelan al atardecer.</i> <p><u>2ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>El Lazarillo de Tormes</i> (edición adaptada). • CERVANTES: <i>El Quijote</i> (edición adaptada). <p><u>3ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • CARLOS RUIZ ZAFÓN: <i>El príncipe de la niebla.</i>

4º ESO	<p><u>1ª avaliación</u></p> <p>Primera prueba</p> <ul style="list-style-type: none"> • Opción A. MORATÍN: <i>El sí de las niñas</i>. • Opción B. DEFOE: <i>Robinson Crusoe</i> (edición adaptada). <p>Segunda prueba</p> <ul style="list-style-type: none"> • Opción A. BUERO VALLEJO: <i>En la ardiente oscuridad</i>. • Opción B. BUERO VALLEJO: <i>Un soñador para un pueblo</i>. <p><u>2ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • GALDÓS: <i>Marianela</i>. • UNAMUNO: <i>Abel Sánchez</i>. <p><u>3ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • GARCÍA MÁRQUEZ: <i>Crónica de una muerte anunciada</i>. • SKÁRMETA: <i>El cartero de Neruda</i>.
--------	---

NIVEL	LECTURAS OPTATIVAS
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • JORDI SIERRA I FABRA: Campos de fresas. • JORDI SIERRA I FABRA: Noche de viernes. • JOAN MANUEL GISBERT: Los espejos venecianos. • JOAN MANUEL GISBERT: Los armarios negros. • LAURA GALLEGO: El coleccionista de relojes extraordinarios. • MARTÍN CASARIEGO: El chico que imitaba a Roberto Carlos. • MARTÍN CASARIEGO: Y decirte una estupidez, por ejemplo te quiero. • MENÉNDEZ PONTE: Maldita adolescente. • LEWIS: El león, la bruja y el armario. • LAURA GALLEGO: El valle de los lobos. • JORDI SIERRA Y FABRA: La mansión de las mil puertas. • EMILI TEIXIDOR: El crimen de la hipotenusa. • ROALD DAHL: Las brujas.

	<ul style="list-style-type: none"> ● ROALD DAHL: Danny, el campeón del mundo. ● ROALD DAHL: Matilda. ● J. K. ROWLINS: Harry Potter y la piedra filosofal. ● JUDITH KERR: Cuando Hitler robó el conejo rosa. ● CHARLES DICKENS: Oliver Twist (edición adaptada). ● CHARLES DICKENS: Cuento de Navidad. ● PAULINI: Eragon. ● WOLRICH: El ojo de cristal. Charlie saldrá esta noche. ● HODSON BARNETT: El jardín secreto. ● ALONSO Y PELEGRÍN: La llave del tiempo. La torre y la isla. ● BOYNE: El niño del pijama de rayas. ● FABRETTI: Calvina. ● CONAN DOYLE: El sabueso de los Baskerville. ● MARÍA GRIPE: La hija del espantapájaros. ● GUSTAVO MARTÍN GARZO: Una miga de pan. ● WILLIAM IRISH: Un robo muy costoso. ●
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ● MARK TWAIN: Un yanqui en la corte del rey Arturo. ● LAURA GALLEGO: Finis mundi.(● TANKE DRAGT: Carta al rey. ● ROSAMARY SUTCLIFF: Los guardianes de la luz. ● CONCHA LÓPEZ NARVÁEZ: La tierra del Sol y de la Luna. ● MALLORQUÍ: La tripulación del pánico. ● CÉSAR MALLORQUÍ: Las lágrimas de Shiva. ● CÉSAR MALLORQUÍ: El último trabajo del señor Luna. ● ENID BLYTON: Primer curso en Torres de Malory ● ENID BLYTON: Misterio en la Villa Incendiada. ● ENID BLYTON: Aventura en la isla.

	<ul style="list-style-type: none"> • JOAN MANUEL GISBERT: Los espejos venecianos. • GUSTAVO MARTÍN GARZO: Una miga de pan. • ISABEL ALLENDE: El Bosque de los Pigmeos. • ISABEL ALLENDE: El Reino del Dragón de Oro. • ISABEL ALLENDE: la Ciudad de las Bestias. • JOHN BOYNE: El niño del pijama de rayas. • LAURA GALLEGO: El coleccionista de relojes extraordinarios. • MARÍA GRIPE: La hija del espantapájaros. • MARÍA GRIPE: Los escarabajos vuelan al atardecer. • MARTÍN CASARIEGO: El chico que imitaba a Roberto Carlos. • MARTÍN CASARIEGO: Y decirte una estupidez, por ejemplo te quiero. • MENÉNDEZ PONTE: Maldita adolescente. • ERIC-EMMANUEL SCHMITT: El señor Ibrahim y las flores del Corán. • STEINBECK: La perla. •
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • CARLOS RUIZ ZAFÓN: Marina. • BUERO VALLEJO: En la ardiente oscuridad • CÉSAR MALLORQUÍ: La fraternidad de Eihwaz. • CÉSAR MALLORQUÍ: Las lágrimas de Shiva. • LAURA GALLEGO: El coleccionista de relojes extraordinarios. • ISABEL ALLENDE: la Ciudad de las Bestias. • ISABEL ALLENDE: El Bosque de los Pigmeos. • ISABEL ALLENDE: El Reino del Dragón de Oro. • MARÍA GRIPE: Los escarabajos vuelan al atardecer. • MARTÍN CASARIEGO: El chico que imitaba a Roberto Carlos. • ORWEL: Rebelión en la granja. • LAURA ESQUIVEL: Como agua para chocolate. • ERIC-EMMANUEL SCHMITT: El señor Ibrahim y las flores del Corán.

	<ul style="list-style-type: none"> • ERIC-EMMANUEL SCHMITT: El hijo de Noé. • KRESSMANN TAYLOR: Paradero desconocido. • CARLO FRABETTI: Nunca más. • LOUIS SACHAR: Hoyos. • STEINBECK: La perla.
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • ALONSO DE SANTOS: La estanquera de Vallecas. • ALONSO DE SANTOS: Viva el duque, nuestro dueño. • ALLENDE, ISABEL: la Ciudad de las Bestias. • ASENSI, MATILDE: El salón de ámbar. • AZUELA: Los de abajo. • BALZAC: Eugenia Grandet. • BAROJA: El árbol de la ciencia • BAROJA: Zalacaín el aventurero. • BLASCO IBÁÑEZ: Cañas y barro. • BLASCO IBÁÑEZ: La barraca. • BRADBURY: Fahrenheit 451. • BRONTË, EMILY: Cumbres borrascosas. • EMILY BRONTË: Jane Eyre. • BUERO VALLEJO: Historia de una escalera. • CASONA, Alejandro: Nuestra Natacha. • CLAUDEL, PHILIPPE: La nieta del señor Linh. • CONAN DOYLE: El sabueso de los Baskerville. • CONAN DOYLE: Estudio en escarlata. • DELIBES, MIGUEL: Cinco horas con Mario. • DELIBES, MIGUEL: El príncipe destronado. • DELIBES, MIGUEL: El camino. • DUMAS: La dama de las camelias. • ESQUIVEL, LAURA: Como agua para chocolate.

- GARCÍA LORCA: La casa de Bernarda Alba.
- GARCÍA LORCA: La zapatera prodigiosa.
- GARCÍA MÁRQUEZ: Cien años de soledad.
- GARCÍA MÁRQUEZ: Del amor y otros demonios.
- GARCÍA MÁRQUEZ: La increíble y triste historia de la cándida Eréndira y su abuela desalmada.
- GRAVES, ROBERT: La guerra de Troya
- JAMES, HENRY: Washington Square.
- HUXLEY, ALDOUS: Un mundo feliz
- KAFKA: La metamorfosis
- KRESSMANN TAYLOR: Paradero desconocido.
- LAMAÎTRE, PIERRE: Tres días y una vida.
- MALLORQUÍ, CÉSAR: La fraternidad de Eihwaz.
- MARTÍN GAITE, CARMEN: Entre visillos.
- MENDOZA, EDUARDO: El laberinto de las aceitunas.
- NÉMIROVSKY, IRÈNE: El baile.
- ORWELL: 1984.
- ORWELL: Rebelión en la granja.
- PARDO BAZÁN, EMILIA: Los pazos de Ulloa.
- RUIZ ZAFÓN, CARLOS: Marina.
- SÉNDER, RAMÓN J: Réquiem por un campesino español.
- SHELLEY, MARY: Frankenstein.
- SIMENON: Maigret y el hombre del banco.
- STEINBECK, JOHN: La perla.
- STEVENSON, R. LOUIS: El extraño caso del doctor Jekyll y míster Hyde.
- STOKER, BRAM: Drácula
- SCHMITT, ERIC-EMMANUEL: El señor Ibrahim y las flores del Corán.
- UNAMUNO: Niebla.
- VARGAS LLOSA: La tía Julia y el escribidor.

	<ul style="list-style-type: none"> • WILDE, OSCAR: El retrato de Dorian Gray. • ZWEIG, STEFAN: Novela de ajedrez.
--	---

4. Departamento de Lingua e Literatura Galega

NIVEL	LECTURAS OBRIGATORIAS
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • DAVID PÉREZ IGLESIAS: <i>Todo o tempo do mundo</i>. • XAVEIR P. DOCAMPO: <i>O misterio das badaladas</i>.
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • XOSÉ NEIRA VILAS: <i>Memorias dun neno labrego</i>. • AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ: <i>Cartas de inverno</i>.
	UNHA LECTURA POR TRIMESTRE, A ESCOLLER
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Non hai noite tan longa, Fernández Paz, A • A pomba e o degolado • Anxos en tempos de chuvia • Aire negro • Corredores de sombras • Maxina ou a filla espúrea, Valladares, M • O porco de pé, Risco, V • Cousas , Os dous de sempre, Os vellos non deben namorarse, Castelao • A esmorga, Xente ao lonxe, Os biosbardos, Blanco Amor • Merlín e familia, Se o vello sinbad volvese ás illas. • As crónicas de sochantre. Cunqueiro, A. • A lus do candil. Fole, A. • O crepúsculo e as formigas. Méndez Ferrín, X.L. • Xoguetes pra un tempo prohibido vento ferido e Os mortos daquel verán, Casares, C.
4º ESO	<p><u>1ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Corredores de sombra</i>.

	<p><u>2ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>A cabeza de Medusa.</i> <p><u>3ª avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Vento ferido.</i>
--	---

5. Departamento de Xeografía e Historia

NIVEL	UNHA LECTURA OBRIGATORIA A ESCOLLER POR AVALIACIÓN
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Lecturas de documentos históricos variados.
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • O médico. Noah Gordon. • Unha muller na tormenta. Judith Merkle. • A catedral do mar. Ildefonso Falcones. • El maestro cartógrafo. Pascale Rey. • El septimo unicornio. Kelly Jones. • La judía de Toledo. Lion Feuchtwanger. • Teodora, emperatriz de Bizancio. Gillian Bradshaw. • Jacobus. Matilde Asensi. • El hilo secreto. Kylie Fitzpatrick. • El número de díos. J. Luís Corral. • Peón de rey. Pedro Jesús Fernández. • Un largo viaje. Massimo Livi Bacci • Cruzada en jeans. Thea Beckman. • El trovador oscuro. Carlo Frabetti. • A cabeza de Medusa. Marilar Aleixandre. • Leyenda de Al-Quit. César Vidal. • De Victoria para Alejandro. Mª Isabel Molina. • Muerte en el Priorato. Toti Martínez de Lezea. • Todo o tempo do mundo. David Pérez Iglesias. • Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta. Leticia Costas.

	<ul style="list-style-type: none"> • Fria. Sebastián Pérez/Benjamin Lacombe.
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Terra fime. Matilde Asensi. • Malinche. Laura Esquivel. • El lienzo de Tintoreto. Thierry Maugenest. • A dúbida. María Reimóndez. • Europa Express. Andrea Maceiras. • La esclava de marfil. Almudena de Arteaga. • El secreto de Maribárbola. María Teresa Álvarez. • Contos do mar de Irlanda. Xurxo Souto • A cidade da alegría. Dominique Lapierre. • O capitán Alatraste. Arturo Pérez Reverte. • Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta. Leticia Costa. • Matar un ruiseñor, Harper Lee. • El príncipe de Tarsis. Antonio Sanchez.Escalonilla Ana y la sibila. • Donde aprenden a volar las gaviotas. Ana Alcolea • El secreto del espejo. • El secreto del galeón. • La noche más oscura. • El medallón perdido. • El retrato de Carlota.
NIVEL	UNHA LECTURA POR TRIMESTRE
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Historia de dúas cidades. Charles Dickens • O neno co pixama de raias. John Boyne • Las bicicletas son para el verano. Fernando Fernán Gómez

8. **Formación ALFIN**

❖ MATERIA DE 1º DE ESO: INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

No noso centro xa levábamnos varios cursos aproveitando a materia do desaparecido “Proxecto Interdisciplinar” para formar, ó alumnado que comeza en 1º de ESO, no aproveitamento dos recursos da nosa biblioteca, no manexo de distintas ferramentas de tratamento da información e, en xeral, na formación ALFIN.

Pareceunos importante continuar nesa liña, posto que, cada vez máis, solicitamos ese tipo de coñecementos nas distintas áreas do currículo, sen dedicarlle o tempo necesario nas aulas á adquisición desa competencia.

Esta é a razón pola que decidimos, no curso 2015-2016, acollernos á proposta de “Investigación e tratamento da información” para impartir como materia de libre designación para o alumnado de 1º de ESO.

Esta elección parte dun desexo de canalizar, nesa hora semanal, a formación de usuarios non só do espazo e dos recursos da biblioteca, senón de tódolos recursos da información dispoñibles no centro e da súa utilización nas distintas áreas, obxectivo que o Equipo de biblioteca levaba uns anos promovendo.

❖ ACTIVIDADES PARA A FORMACIÓN DE USUARIOS DE BIBLIOTECA

- Visitas guiadas á biblioteca para alumnado de 1º de ESO, no marco da materia de Investigación e Tratamento da Información, realizando prácticas sobre a organización da BE:
 - Significado dos símbolos contidos na etiqueta dos libros.
 - Manexo de distintos soportes nos que atopamos información.
 - Uso da conexión telemática e do catálogo da biblioteca.
- Visitas guiadas á biblioteca para o profesorado novo.
- Co alumnado de 2º, 3º e 4º actividades de formación de usuarios e ALFIN, que desenvolvan técnicas de busca de información usando como pretexto a tema de traballo proposto, en cada curso, pola biblioteca (na literatura, nas biografías, nos materiais de divulgación científica ...).
- Elaboración e distribución de trípticos que recollan a organización e normas de funcionamento da biblioteca, e de iniciativas de fomento da lectura.
- Constitución dun equipo de alumnos e alumnas axudantes da biblioteca, con sesións formativas.
- Sesión formativa co profesorado de nova incorporación ó inicio de curso, para dar a coñecer a organización e servizos da BE.
- Difusión entre o profesorado de documentación sobre animación á lectura e dinamización.
- Celebración dunha Olimpíada do Saber traballada nas distintas áreas do currículo.

❖ ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN (Educación documental)

- Formar ó alumnado de 1º de ESO, dentro da materia de Investigación e Tratamento da Información, en tarefas de localización e recuperación da información e dotalos das ferramentas necesarias para realizar traballos de investigación dun xeito autónomo.
- Manexo de ferramentas de busca de información na WEB: navegadores, motores de procura de información, enciclopedias en liña ...
- Actividades de formación de usuarios e ALFIN, con todos os cursos que desenvolvan técnicas de procura de información usando como pretexto o tema traballado este curso na nosa biblioteca. Tamén organizaremos concursos sobre exposicións en relación coas datas conmemorativas contempladas na nosa programación de actividades.
- Publicación e difusión de traballos realizados polo alumnado en torno á temática proposta.

9. *Temporalización de actividades para o fomento da lectura*

Ademais das xa mencionadas no apartado 4:

- Presentación de novidades literarias en xeral, facendo un esforzo pola difusión de fondos que aludan ó tema traballado pola biblioteca. Poderá facerse en clase (na HORA de LER) ou ben na biblioteca (nos recreos, participando profesorado, alumnado e pais).
- Publicación de GUÍAS de RECURSOS WEB relacionados coas distintas materias, para o seu uso por parte do alumnado en recreos ou gardas.
- Continuar a colaboración con institucións de carácter cultural locais (*Terra de Outes, Mar de Noia, Club de lectura da Casa da Cultura de Outes*) e con outras entidades (*BP "Anxel Casal" de Santiago ou Bibliotecas Escolares de Galicia*) de cara á organización de exposicións (préstamos temporais, maleta do cómic,...) visitas e charlas.

1º Trimestre

- Exposicións de libros relacionados co SAMAÍN, VIOLENCIA DE XÉNERO, DEREITOS HUMANOS e NADAL. Tentarase tamén dar a coñecer fondos relacionados coas viaxes procedente da nosa biblioteca e doutras institucións (*BP Anxel Casal, Consellería de Cultura, BEs de Galicia*).
- 24 outubro: Celebración do Mes Internacional das BEs coas seguintes actividades:
 - Entrega de tarxetas ó novo alumnado.
 - Lectura de relatos nos recreos (por parte do profesorado).
 - Presentación do Proxecto Anual da Biblioteca.

- 30 de outubro: Samaín-Halloween. Difusión da literatura do medo con lecturas nos recreos durante esa semana de relatos de terror, decoración acorde ó tema e publicación de guía de lectura.
- 24 novembro: Día contra a violencia de xénero:
 - Exposición de fondos.
 - Colaboración co Centro de Información ás Mulleres (Concello de Outes).
- Publicación dun novo número do BOLETÍN da BIBLIOTECA coa colaboración do alumnado.
- Tentaremos fomentar ó acercamento ó libro dos pais coa actualización da súa zona de lectura.

2º Trimestre

- Renovación dos lotes de libros dos cofres para as horas de garda e HORA DE LER.
- Concurso sobre alimentación na literatura.
- ENTROIDO : decorado para o desfile.
- DÍA DA PAZ (30 xaneiro): Exposición y concurso.
- DÍA DE SAN VALENTÍN: Concurso de poemas.
- Renovación do expositor de novidades.
- Publicación da 2ª guía de lectura.
- Concurso de recomendacións de lecturas ilustradas.

3º Trimestre

- Semana cultural.
- Celebracións en torno ó DÍA do LIBRO.
- Olimpíada do saber.
- Visita co alumnado de 1º ESO á Feira do Libro de Santiago de Compostela e a BP Anxel Casal.
- Renovación do expositor de novidades.
- Publicación dos RANKINGS da nosa biblioteca: autores/as máis lidos, lectores máis voraces, os máis cinéfilos, libros máis populares / máis estragados, as lecturas máis secretas.
- Publicación da 3ª Guía de lectura.
- Renovación dos lotes de libros dos cofres para as horas de garda e HORA DE LER.
- Celebración das LETRAS GALEGAS (Colaboración co EDNL).
 - Encuentros con autores .

- Sesión de contacontos.
- Celebración do Día da Natureza e o Medio Ambiente: exposición dos resultados do traballo do alumnado.

10. *Recursos e materiais.*

A **Biblioteca** será o eixo en torno ó cal xiran todas as actividades recollidas no Proxecto Lector e no Plan Anual de Lectura. Nela concéntranse os fondos documentais do centro. Conta cuns recursos variados, en permanente renovación, que deberían permitir convertela en auténtico centro de documentación, información e recursos, e eixe do desenvolvemento do currículo. Estes recursos íranse mellorando e ampliando tendo como criterio fundamental a adecuación aos niveis lectores. Ademais do espazo bibliotecario, o centro conta con fondos localizados nos lugares que se indica:

❖ Os cofres e a biblioteca de aula

En cada aula existirá unha dotación mínima de obras de referencia e documentais: dicionarios nas catro linguas que forman parte do currículo da ESO: castelán, francés, galego e inglés. Esta biblioteca contará tamén con atlas. Os cofres serán igualmente dotados de documentos de ficción e de tipo divulgativo, sendo renovados cunha frecuencia trimestral.

❖ As novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)

Deben contribuír decisivamente á creación dun clima motivador, xerador de interese e curiosidade polo mundo da lectura e da escritura. No noso centro as posibilidades de usar as tecnoloxías avanzadas son moitas: na sala de audiovisuais, nas 2 de informática, na biblioteca ou nas propias aulas (4 aulas Abalar e 4 con ordenador para o profesor, encerado dixital e canón). Deberá terse en conta as enormes posibilidades didácticas que ofrecen os materiais en soporte dixital, como por exemplo os BLOGS de aula.

❖ Punto de lectura para pais

Situado na entrada do centro, con materiais de ficción e libros divulgativos centrados na educación de adolescentes

❖ A Biblioteca persoal

Aínda que non forma parte do centro, debemos incentivar ao alumnado a ir creando a súa propia biblioteca valorándoa e sacándolle proveito en caso de tela o alumno ou a súa familia.

11. *Ler en familia. Actividades para a implicación das familias.*

As seguintes iniciativas perseguirán a participación activa das familias no fomento do hábito lector do alumnado:

- Presentación ás familias das actividades promovidas polo centro co fin de fomentar o hábito lector (Actividades da Biblioteca, Club de Lectura, Mochilas Viaxeiras...) nas reunións iniciais de curso cos titores.
- Publicación e difusión de guías de lectura (Nadal, Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Guía de verán...)
- Punto de lectura para pais situado na entrada do centro. Ofrécese a posibilidade de levar os fondos expostos emprestados, facendo uso do carné de lector dos fillos ou alumnos matriculados no centro.
- Publicación e difusión de actividades da biblioteca a través da páxina web do centro.
- Invitación a participar en algunhas das actividades de fomento da lectura (concurso gastronómico, exposicións de fondos, exposicións puntuais en torno a un determinado tema proposto pola biblioteca).

12. *Seguimento e avaliación.*

Para a avaliación deste plan terase en conta o grao de cumprimento dos seguintes aspectos:

- Grao de cumprimento dos obxectivos do Plan Anual de Lectura.
- Organización de espazos e tempos
- Uso e organización da biblioteca.
- Competencia Lectora do Alumnado.
- Fomento da lectura.
- Integración das TIC no plan.
- Implicación das familias e do entorno.

Empregaranse para elo as seguintes ferramentas:

- Rexistro de datos recollidos polo profesorado e polos distintos Departamentos. Algúns dous aspectos que deberán estudarse e analizarse son:
 - Lectura expresiva.
 - Comprensión lectora.

- Expresión oral.
 - Expresión escrita.
 - Autonomía na busca de información.
 - Actitude do alumno ante a lectura.
- Enquisas ao profesorado para avaliar o plan.
 - Enquisas ao alumnado, con información sobre a súa participación, opinións, suxestións...
 - Memoria anual da Biblioteca realizada polo Equipo da Biblioteca. Recollerá datos como o grao de aceptación das propostas por alumnado, familias e docentes; estatísticas de préstamos; cantidade e calidade das producións realizadas polo alumnado a proposta da biblioteca; e grao de utilización de todos os recursos dispoñibles por parte dos usuarios potenciais.
 - Valoracións obtidas nas sesións de avaliación.

A continuación indicamos algúns dos **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** que se utilizarán para a recollida destes datos. Incluímos no anexo final as enquisas de valoración da biblioteca.

1. Enquisa de avaliación da HORA DE LER (para alumnado)

<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSeF88QxtkKJ6MUZfhLioDbX333AEae8pbMHHPapf24nxtvwww/viewform>

2. Enquisa de avaliación da HORA DE LER (para profesorado)

<https://docs.google.com/forms/d/18AoUFwtqTsqqfNg05CgLGi9mizTS9WAWkyDVAouDUvwl/edit>

3. Enquisa de valoración das actividades da biblioteca (para profesorado)

<https://docs.google.com/forms/d/1uGCUmODQV1rHKQO5bteplAObjKGYKakOltbXPr8nao8/edit?uiv=1>

4. Enquisa de valoración das actividades da biblioteca (para alumnado)

<https://docs.google.com/forms/d/1qP9JCREbwQwbIKiiZVbLpCXcZD7UDqtz21K6CKDofew/edit?uiv=1>

Outes a 15 de decembro de 2017,

Valérie Pauzat
Coordinadora do Equipo de Biblioteca
